

A CONSELLERÍA DE SANIDADE ACOLLE UNHA NOVA CAMPAÑA DE DOAZÓN DE SANGUE IMPULSADA POLA ADOS

A Axencia de Doazón de Órganos e Sangue (ADOS) desenvolve, ao longo das xornadas do luns 9 e o martes 10 de febreiro, unha campaña de doazón que leva as súas unidades móbiles ata as instalacións da Consellería de Sanidade en Santiago de Compostela.

A unidade móbil da ADOS estará estacionada no aparcadoiro da Consellería de Sanidade no santiagués barrio de San Lázaro e atenderá a todas as persoas que desexen doar das 09:30 ás 14:30 horas.

ADOS leva visitando as instalacións da Consellería de Sanidade en Santiago de Compostela desde o ano 1998, o que permitiu conseguir preto de 2.100 doazóns nas campañas realizadas nas instalacións do departamento de sanidade do executivo galego.

Desde a Axencia de Doazón de Órganos e Sangue, agradecemos a todos os traballadores e traballadoras da Consellería de Sanidade a súa colaboración e compromiso neste tipo de iniciativas, e anima a todos eles a doar sangue durante os próximos días dentro da presente campaña.